

Asunto: folga 8 de marzo de 2018

O día 8 de marzo de 2018, está convocada unha xornada de folga a cal afecta ao persoal que presta servizos nesta Universidade.

De acordo co previsto no Real Decreto Lei 17/1977 de 4 de marzo e tamén nos artigos 30 e 95.2 m) do Estatuto Básico do Empregado Público, na xornada de folga prevista para o día 8 de marzo deberá facerse un control de asistencia.

A tal fin, os traballadores e traballadoras que presten servizos no día da folga **deberán asinar a folla de asistencia** que estará á súa disposición **nas conserxerías de facultades, escolas, centros de investigación e demais centros administrativos, ademais das conserxerías dos edificios que acollen os Rexistros Xeral e Auxiliares da universidade.**

Para asinar a folla de asistencia deberán ir provistos de Documento Nacional de Identidade, pasaporte, carnet de conducir, tarxeta universitaria ou documentación que acredite fidedignamente a súa identidade.

Nesta folla deberá indicar, asinando nos cadros correspondentes, se non secunda ningunha folga ou só secunda a folga parcial de 2 horas. A non sinatura en ningún dos recadros implicará que o persoal secunda a folga durante a xornada completa.


Co obxecto de que todo o persoal estea informado do sistema anterior solicítolle que traslade esta información a todo o persoal do seu ámbito.

O persoal que non asine nas follas de asistencia e do que non foi remitida xustificación da súa ausencia por parte dos seus responsables, entenderase que secundou a folga para os efectos do artigo 30 do EBEP.

Para calquera dúbida ou aclaración poden poñerse en contacto coa secretaría de Xerencia nos teléfonos 813560, 818607 e 813408.

Vigo, 8 de marzo de 2018

O Xerente



Manuel Fernández Jauregui

Universidade de Vigo -
Rexistro Xeral

Saída Nº. 201800003144
06/03/18 14:34:06